

MINISTERIO DE INCLUSIÓN SEGURIDADE SOCIAL Y MIGRACIONES  
SUBCOMISIÓN EEGG E GRUPO DE TRABAJO IMSERSO XUÑO 2026.

---

O día 16 de xuño celebrouse o grupo de traballo IMSERSO, o día 17 de xuño foi posposta polas mobilizacións, o día 25 xuño.

Tratáronse os seguintes temas:

### **PROCESOS SELECTIVOS IMSERSO**

#### **OPE 2018 E1 ADLE**

Publicada a resolución de adxudicación de prazas teñen un mes para formalizar os contratos. CIG quere facer constar despois de solicitar na orde do día o longo de todos estes anos o tema foi resolto, con moitos atrancos no camiño, dende non firmou o acordo xa que non recoñecía o carácter retroactivo.

CIG recomendou a vía xudicial a nosa afiliación foron 5 persoas, a sentenza recoñece os dereitos da adxudicación da praza cos seus dereitos económicos e administrativos dende agosto 2023.

A firma esta prevista para a semana de 6 a 10 xullo.

#### **OPE 2021-2022**

A administración pretende resolver por categorías, si non fora posible a súa incorporación será en setembro.

#### **OPE 2023-2024**

As prazas de turno libre son 115 e 12 reserva discapacidade

Turno de promoción interna 103 e 10 reserva discapacidade

Grupo E0 -4

#### **OPE XUBILACIÓN PARCIAL**

Pendente de publicación para solicitar destinos.

#### **PROCESOS SELECTIVOS EEGG 2023-2024**

As prazas totais 398

Turno libre -200

Turno de promoción interna -193

Promoción de E0 A E1 -4

E0 Discapacidade intelectual -53.

A presidenta informa das novidades, o mes de agosto será hábil, en relación as bases da convocatoria, as renuncias do persoal adxudicatario de praza no turno libre quedaran desertas, polo cumprimento dunha sentenza xudicial que di que vulnera os dereitos de igualdade mérito e capacidade.

A publicación nesta convocatoria ten que ser antes do día 10 de xullo.

## **OPE 2025-2026**

A publicación será no mes de setembro ou outubro, non teñen os datos do número de prazas asignadas. F. Pública esta a estudar a incorporación de prazas para a xubilación parcial.

## **CONCURSO TRASLADOS**

Información da publicación 16 de xuño do II CAP

## **XUBILACIÓN PARCIAL**

A presidenta informa a situación e procedemento das solicitudes que reciben en cada departamento, onde comprobados os datos logo emiten un certificado que envían a Pública para que vincule a praza a un relevista,.

Na resolución Pública non están incluídos o persoal fora de convenio.

As solicitudes presentadas por departamentos:

49 IMSERSO, 46 TSGG, 6 ISM, 6 Xerencia, 23 INSS ten resoltas 8 pendente vinculación F.P. a un relevista.

## **COMPLEMENTOS. SITUACIÓN E COMPROMISO IMSERSO DE PRESENTACIÓN DE EXPEDIENTE MJ NAS CATEGORIAS DE MANTENIMENTO E RESTAURACIÓN.**

A presidenta informa que esta pendente da aprobación na copa a asignación ISM o complemento RCT a 39 postos de M2 enfermaría exp. 35/26

CIG expón a petición reiterada do acordo de presentación expediente IMSERSO dos complementos de MJ e RCT para mantemento e restauración.

O subdirector informa que presentara expediente do complemento só de MJ no mes de setembro.

## **SENTENZAS COMPENSACIÓN DE FESTIVOS EN SABADO**

CIG solicita a administración o cumprimento da sentenza da audiencia nacional a compensación do festivo en sábado por outro día.

A presidenta descoñece dita sentenza pero van a estudiala.

## **ACORDO DE PRODUCTIVIDADE**

Están actualizando as cuantías coas táboas salariais actualizadas.

## **IMSERSO**

Temas tratados no grupo de traballo 16 de xuño

## **COBERTURA DE VACANTES E RAA. INTERINIDADES E CUPO**

IMSERSO solicitou a F.P. 140 xornadas de cupo, toda vía non teñen resposta.

As interinidades unha vez sexa publicada a oferta solicitarán a autorización de interinos a F.P.

## **REUNIÓN DE ADAPTACIÓN DO CALENDARIO A NOVA NORMATIVA**

CIG solicitou por escrito a S. Xeral do IMSERSO a convocatoria xa que quedamos desvinculados a mesa delegada por ter quendas especiais.

O subdirector responde que ten que acordar a data co S. Xeral.

## **BOLSA DE TRABAJO**

CIG volve a reiterar de novo a contestación dos recursos repostativos sobre o desempate nos listados e a colocación correcta par evitar desigualdades a hora de adxudicación de contratos de interinidade.

## **RECLAMACIÓN DO PERSOAL**

CIG denuncia a práctica habitual do IMSERSO non contestar a ningún tipo de reclamación horas extras, complementos das pagas extraordinarias, etc. O subdirector contesta que non teñen crédito para pagar as horas extras, CIG expón que non e certo, Imserso fai gratificacións a algunhos colectivos creando desigualdades entre o persoal e non sendo transparente ocultando ditos datos. As horas extras teñen que abonaras como corresponde por normativa.

## **ACCION SOCIAL**

O coeficiente será 0,387%

## **SITUACIÓN DOS CENTROS**

CAMF FERROL

CIG solicita información sobre la adxudicación de contratos de cupo a petición da Dirección para a cobertura das prazas vacantes.

E sobre a incorporación de novos usuarios o centro dada a falta de persoal para a súa correcta prestación.

O subdirector fará a consulta a Subdirección de xestión.

GALIZA 25 XUÑO 2026

[www.estado.cigadmon.gal](http://www.estado.cigadmon.gal)

\* INSTAGRAM: <https://www.instagram.com/cigadmon/>

\* FACEBOOK: <https://www.facebook.com/share/17u2MoxmFB/>

\* YOUTUBE: <https://www.youtube.com/@cigadmon>

correoweb\_estado@cigadmon.gal